



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2019/36	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	14 de outubro de 2019
Duración	Desde as 12:35 ata as 12:55 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
***3018**	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
***3446**	MARÍA TERESA VILLAR SUÁREZ	NON
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:
1. MARÍA TERESA VILLAR SUÁREZ:
«Xustifica a inasistencia por baixa de enfermidade.»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA





Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas en datas 23 e 30 de setembro de 2019

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar os borradores das actas da Xunta de Goberno Local realizadas en datas 23 e 30 de setembro de 2019.

Expediente 3264/2019. Solicitude de cambio de titularidade de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vistas as solicitudes presentadas en datas 03.05.2018 e 14.05.2019 por S.T.S., con NIF nº ***5911**, nas que demanda o cambio de titularidade de sinal de pasaxe permanente que está instalado en rúa San José, nº X-Cangas.

Visto, así mesmo, o informe emitido en data 10.10.2019 pola inspección de taxas do departamento de xestión de ingresos tributarios, referente a solicitude de cambio de titularidade de pasaxe permanente número 876, que é como segue:

*"**Informa:** con data con data de rexistro de entrada de 14 de maio de 2019, S. T. S., co NIF nº ***5911** e con enderezo en rúa Piñeiro, nº X-Darbo, presenta escrito no que solicita o cambio de titularidade do sinal de pasaxe permanente número 876 en rúa San José, nº X (antes: M. D. S. N.)."*

Antecedentes:

- A Xunta de Goberno Local do 5 de decembro de 2011, acorda autorizar un sinal de pasaxe permanente (nº 876) a nome de M. D. S. N. en rúa San José, nº X

- Na mesma solicitude de 14 de maio de 2019, M. D. S. N. asina a conformidade do cambio de titularidade.

*Esta inspección emite esta proposta-informe, na que indica que procede o cambio de titularidade do sinal de pasaxe permanente número 876 sito en rúa San José, nº X, a S. T. S., co NIF nº ***5911** (antes: M. D. S. N.)."*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe-proposta emitido pola inspección de taxas e polo tanto, conceder o cambio de titularidade do sinal de pasaxe permanente número 876 sito en rúa San José, nº X, a favor de S.T.S., con NIF nº ***5911**.

Expediente 4170/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4170/2018.- Outorgar a A. G. M., con enderezo en





rúa Carlos Casares, Nº X-Coiro, licenza para legalización dun muro de contención de 70,20 m³, sito en rúa da Canexa-A Rúa-Coiro (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto R. C. T., de data 6 de agosto de 2018, vistos os informes favorables do POL de data 10 de maio de 2019 e Aguas de Galicia de data 8 de outubro de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a catorce mil catrocentos euros (14.400,00) euros.

Expediente 2858/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2858/2019.- Outorgar a E.M.I.S. e D.S.C., con enderezo na Avda. de Vigo, nº X-Cangas, licenza de obras para no lugar da Serra de Poente-Darbo (referencia catastral X e X), regulado pola ordenanza de aplicación URNU (9), a construción de unha vivenda unifamiliar de 79,35 m²., de planta baixa, 91,30 m²., de primeiro andar e 43,50 m²., de terrazas, de conformidade co proxecto de execución elaborado polos arquitectos A. L., R. A. e M. F., de data de visado 2 de outubro de 2019 e deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo. Deberá formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cento corenta e dous mil cincocentos euros (142.500,00 €).

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizado en escritura pública de data 2 de outubro de 2019, formalizada perante a notaría M. J. L. E., por unha superficie de 4,80 m²., e unha fianza para garantir as obras de urbanización depositado en ING, por importe de mil setecentos trinta euros con setenta e sete céntimos (1.730,77 €) de data 1 de outubro de 2019.

Expediente 4915/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4915/2019.- Conceder á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS do edificio sito na Avda. de Bueu, nº X-Cangas, licenza de obras para no referido lugar realizar mellora de accesibilidade e cambio de ascensor en edificio existente (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto J. L. P., de data de visado 13 de agosto de 2019. Deberán formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material de obras ascende a vinte e seis mil oitocentos trinta e oito euros con trinta e dous céntimos (26.838,32 €).





Expediente 4897/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 4897/2019.- Conceder á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS do edificio sito na Avda. de Bueu, n° X-Cangas, licenza de obras para a mellora de accesibilidade, cambio de ascensor e reforma de cuarto de máquinas en edificio existente no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto J. L. P., visado o 19 de agosto de 2019 e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material de obras ascende a trinta e seis mil novecentos cincuenta e sete euros con sesenta e dous céntimos (36.957,62 €).

Expediente 4961/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 4961/2019.- Conceder a J. C. M., con enderezo en rúa Laxe da Folgueira, n° X-Erbello-Aldán, licenza de obras para reparación de hórreo sito no referido lugar (referencia catastral X), nunha superficie de 8,67 m2., de conformidade coa documentación técnica incorporada ao expediente e condicións impostas pola Consellería de Patrimonio de data 8 de xullo de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a mil trescentos corenta euros (1.340,00 €).

Expediente 4724/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 4724/2019.- Outorgar a O. P. C. e J. C.V.M., con enderezo en rúa Celso Emilio Ferreiro, n° X-Cangas, licenza de obras para no lugar de Agualevada-Coiro, regulado pola ordenanza de aplicación SNUN (11) (referencia catastral X e X), a construción de unha vivenda unifamiliar de 146,27 m2., de planta baixa, 61,18 m2., de entrechán, 33,82 m2., de primeiro andar, 44,28 m2., de terrazas, 13,58 m2., de edificación auxiliar adosada, 86,17 m2., de muros de cerramento e unha piscina, de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto R. M. C., de data maio de 2019. A licenza outorgase condicionada a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución de obras visado, oficios de dirección e deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cento trinta e oito mil cento cincuenta euros (138.150,00 €).

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizado en escritura pública de data 28 de marzo de 2019, formalizada perante a notaria A.T.C.P., por unha superficie de 25,00 m2., e a fianza para garantir as obras de urbanización depositado en





Concello de Cangas

Abanca, por importe de trescentos cincuenta e tres euros con corenta e tres céntimos (353,43 €) de data 1 de outubro de 2019.

Expediente 4244/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4244/2019.- Autorizar a división solicitada por M.P.N.F., que pretende a división dun local comercial de 188,00 m2., sito na Avda. de Moaña, nº X-baixo-Cangas (referencia catastral X), en dous locais sen uso definido, de conformidade co proxecto técnico elaborado polos arquitectos "UN+UN Arquitectos CB", de data xullo de 2019. De destinarse a uso de vivenda os locais divididos deberán solicitar a preceptiva licenza para cambio de uso.

Expediente 3305/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3305/2019.- Outorgar a J.M.Á.Q., con enderezo en rúa Ecuador, nº X-Vigo, licenza de obras para no lugar de Rabáns-Vilanova-O Hío, regulado pola ordenanza de aplicación SNUN (11) (referencia catastral X), a construción de unha vivenda unifamiliar de 176,52 m2., de soto, 157,55 m2., de planta baixa e 13,69 m2., de terrazas, de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto V.M.H., de data 28 de maio de 2019. A licenza outórgase condicionada a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución de obras visado, oficios de dirección e deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a douscentos trinta e seis mil catrocentos oitenta e seis euros con sete céntimos (236.486,07 €).

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizado en escritura pública de data 7 de outubro de 2019, formalizada perante a notaría M.J.L.E., por unha superficie de 1069,04 m2., e unha fianza para garantir as obras de urbanización depositado en Abanca, por importe de dous mil trescentos oitenta e catro euros con setenta céntimos (2.384,70 €) de data 4 de outubro de 2019.

Expediente 4580/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4580/2019.- Vista a solicitude presentada por "UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA", titular do CIF nº A-63222533, con enderezo a efectos de notificacións

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: JAGFGEYMPXFS5SSR94KRFQFD4Q | Corrección: <http://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 17



no enderezo electrónico: X, autorízase a ocupación de dominio público e se concede licenza de obras para en parcela sita en rúa de Fontepesada-Ourelo-Darbo (referencia catastral X), canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 6 metros de lonxitude (expediente N° UD248319020095), de conformidade coa documentación redactada polo enxeñeiro técnico industrial P.T.B., de data 3 de xullo de 2019, coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de seiscentos oitenta euros con trece céntimos (680,13 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 4299/2018. Licenza municipal de primeira ocupación

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

EXPEDIENTE N° 4299/2018.- EXPEDIENTE N° 17.590.- LICENZA N° 17.495.-

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a J.B.F., con enderezo en rúa Lontreira, n° X-Aldán, dunha vivenda unifamiliar sita en rúa Lontreira, n°X-Aldán (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal n° 17.495, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 17 de setembro de 2019, e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 9 de outubro de 2019.





Expediente 165/2018. Solicitud de devolución de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da xefa de urbanismo emitido o día 07.10.2019, referente a solicitude de devolución de aval, que é como segue:

"ANTECEDENTES:

Primeiro.- Con data de 23 de setembro de 2019, ten entrada polo rexistro electrónico municipal nº 1.705, solicitude de devolución de aval bancario, asinada por 'Impernosa SL', titular do CIF nº B 36182798, como titular da solicitude de licenza de obra (expediente nº 23542).

Segundo.- En Xunta do Goberno Local de data 22 de xaneiro de 2018 outorgouse licenza de primeira ocupación a 'Impernosa SL', (X-165/2018).

Terceiro.- Na data de 2 de outubro de 2019, o inspector municipal emite informe no que conclúe que: 'Presentado no lugar, comprobo que a urbanización en cuestión se atopa en bo estado'.

Cuarto.- En data 3 de outubro de 2019 a tesourería municipal emite informe no que di que consta efectuado o ingreso de fianza a nome de nome de 'IMPERNOSA SL', con NIF nº B 36182798, por importe de tres mil oitocentos sesenta e un euros con sesenta e oito céntimos (3.861,68 €) e co seguinte texto: 'EXPTE. DE OBRAS Nº 24.536'.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente e a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 17 de xullo de 2019 sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

En base os fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de tres mil oitocentos





sesenta e un euros con sesenta e oito céntimos (861,68 €), depositado por 'Impernosa SL', no expediente de licenza de obra nº 23.542 (Expte. nº 24.536 / X -165/2018).

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente.

Expediente 3966/2018. Solicitud de devolución de aval

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da xefa de urbanismo emitido o día 07.10.2019, referente a solicitude de devolución de aval, que é como segue:

"ANTECEDENTES:

Primeiro.- Con data de 2 de agosto de 2018, ten entrada polo rexistro municipal nº 9.266, solicitude de devolución de aval bancario, asinada por C. P. L., con NIF nº ***9484**, como titular da licenza de obra nº 20.668.

Segundo.- En Xunta do Goberno Local de data 26 de xuño de 2018, outorgouse licenza de primeira ocupación a C. P. L. (X-582/2018).

Terceiro.- Na data de 30 de agosto de 2019, o Inspector Municipal emite informe no que conclúe que "Persoado no lugar, comprobo que a urbanización en cuestión se atopa en bo estado."

Cuarto.- En data 9 de outubro de 2019 a tesourería municipal emite informe no que di que: 'Consultada a contabilidade municipal a día de hoxe non consta o ingreso da garantía a nome de C. P. L., por importe de novecentos sesenta e tres euros con sete céntimos (963,07 €).

Non constan operacións en relación ao citado terceiro. O anterior pode ser debido a unha incorrecta contabilización da garantía no seu día, xa que o terceiro aporta xustificante de ingreso da citada garantía en forma de fianza na conta corrente do Concello nº 2080 5022 1331 1000 8937. O citado xustificante consta no expediente e comprobouse a realidade do ingreso na conta municipal o día 22 de setembro de 2016, polo citado importe e concepto 'Aval expediente obras nº 21.205.- C. P. L.', movemento ordenado por F.B.P. por importe de novecentos sesenta e tres euros con sete céntimos (963,07 €).

A citada garantía foi polo tanto ingresada (aínda que non estea contabilizada como tal) e non consta que fora devolta. Procederase á súa devolución no momento en que sexa acordado polo órgano competente".

LEXISLACIÓN APLICABLE





-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

-Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

-Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente e a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 17 de xullo de 2019 sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Con base nos fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de novecentos sesenta e tres euros con sete céntimos (963,07 €), depositado por C.P.L., no expediente de licenza de obra nº 20.668.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado e ao departamento de tesourería".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente.

Expediente 5780/2019. Proposta da alcaldía para aprobación do inicio do procedemento de contratación das obras de "Pavimentación do barrio do Forte-O Forte-Coiro-Cangas"

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Vista a proposta da alcaldía de data 09.10.2019, referente ao inicio do procedemento de contratación das obras de "Pavimentación do Barrio do Forte-O Forte-Coiro-Cangas", que é como segue:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a subvención concedida en data 14 de marzo de 2019 pola Deputación de Pontevedra dentro do Plan Concellos 2018/2019, pola que se concede o Concello de Cangas a cantidade de oitenta e oito mil seiscentos doce euros con doce céntimos (88.612,12 €), con destino ao financiamento do investimento 'Documento técnico pavimentación enlace Barrio do Forte', cun orzamento polo mesmo importe, é dicir, oitenta e oito mil seiscentos doce euros con doce céntimos (88.612,12 €).





Tendo en conta o proxecto de 'Pavimentación Enlace Barrio do Forte-O Forte-Coiro-Cangas', presentado por C.G.C. e A.F.F. de data decembro de 2018, aprobado por Xunta de Goberno Local o 17 de decembro de 2018, cun orzamento xeral de oitenta e oito mil seiscientos doce euros con doce céntimos (88.612,12 €), co IVE engadido.

Por iso, de conformidade do disposto na Disposición Adicional Segunda da LCSP e o Decreto de delegacións competenciais na Xunta de Goberno Local, asinado en data 17 de xuño de 2019, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación das obras de 'Pavimentación do Barrio do Forte-O Forte-Coiro-Cangas.

SEGUNDO.- Que por secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO.- Que polo departamento de apoio xurídico se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO.- Que polo interventor se faga, no seu caso, a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a realización deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de secretaría ao respecto".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía transcrita.

Expediente 5789/2019. Proposta da alcaldía para a aprobación do inicio do procedemento de contratación das obras de "Acondicionamento espazo rúas Poio-Enseñanza"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da alcaldía de data 10.10.2019, referente ao inicio do procedemento de contratación das obras de "Acondicionamento espazo rúas Poio-Ensinanza", que é como segue:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a subvención concedida en data 8 de febreiro de 2019 pola Deputación de Pontevedra dentro do Plan Concellos 2018/201,9 pola que se concede Ao Concello de Cangas a cantidade de cento once mil cento dezaioito euros con vinte e dous céntimos (111.118,22 €), con destino ao financiamento do investimento 'Acondicionamento espazo rúas Poio-Ensinanza', cun orzamento polo mesmo importe, é dicir, cento once mil cento dezaioito euros con vinte e dous céntimos (111.118,22 €).





Tendo en conta o documento técnico de 'Acondicionamento espazo rúas Poio-Ensinanza', presentado por C.G.C. e A.F.F. de data decembro de 2018, aprobado o 17 de decembro de 2018, cun presuposto xeral de cento once mil cento dezaioito euros con vinte e dous céntimos (111.118,22 €), co IVE engadido.

Por iso, de conformidade do disposto na Disposición adicional segunda da LCSP e o Decreto de delegacións competenciais na Xunta de Goberno Local asinado en data 17 de xuño de 2019, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación das obras de 'Acondicionamento espazo rúas Poio-Ensinanza'.

SEGUNDO.- Que por secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO.- Que polo departamento de apoio xurídico se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO.- Que polo interventor se faga, no seu caso, a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de secretaría ao respecto".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía transcrita.

Expediente 892/2019. Proposta da alcaldía de aprobación de conta xustificativa da axuda concedida para o programa de promoción da igualdade e prevención de xénero

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da alcaldía de data 09.10.2019, referente a aprobación de conta xustificativa da axuda concedida para o programa de promoción da igualdade e prevención de xénero (procedemento SI435A) e con expediente nº SI435A 2019/008, Vicepresidencia, que é como segue:

"En relación coa subvención concedida pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ao abeiro da resolución de 28.12.2018, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero e se procede á súa convocatoria no ano 2019, polo importe de sete mil trescentos cinco euros con noventa céntimos (7.305,90 €), para o programa b) de promoción da igualdade e de prevención e tratamento da violencia de xénero (SI435A), cun proxecto total de dez mil





catrocentos trinta e sete euros (10.437,00 €).

Vista a a certificación da intervención municipal, propono á Xunta de Goberno Local:

* Aprobar a conta xustificativa da axuda concedida para o programa de promoción da igualdade e prevención de xénero (procedemento SI435A), polo importe de sete mil setecentos corenta e oito euros con sesenta céntimos (7.748,60 €) e para os efectos faise constar:

Primeiro.- Que se cumpriu coa finalidade para a que foi concedida a subvención.

Segundo.- Que os gastos totais soportados por esta entidade imputables a actuación subvencionada ascende a un total de sete mil setecentos corenta e oito euros con sesenta céntimos (7.748,60 €) e son os que se relacionan de seguido:

Acreedor/Acreedora NIF	Nº factura Data emisión	Concepto e importe	Aprobación facturas por decreto de slcaldía, nº decreto e data de aprobación	Data do pagamento mediante transferencia bancaria
CRECEPSILOCOGÍA C.B.M. ***4729**	Can 01/2019 10.07.2019	43 sesións individuais e 7 sesións grupais no programa de atención psicolóxico 1.890,00 €	Decreto nº 2019-1281	14/08/2019
CRECEPSILOCOGÍA C.B.M. ***4729**	Can 02/2019 10.07.2019	32 sesións individuais e 7 sesións grupais no programa de atención psicolóxico 1.505,00 €	Decreto nº 2019-1281	14/08/2019
CRECEPSILOCOGÍA C.B.M. ***4729**	Can 03/2019 31.07.2019	31 sesións individuais e 10 sesións grupais no programa de atención psicolóxico 1.605,00 €	Decreto nº 2019-1281	14/08/2019
CRECEPSILOCOGÍA C.B.M. ***4729**	Can 04/2019 30.08.2019	10 sesións individuais e 4 sesións grupais no programa de atención psicolóxico 600,00 €	Decreto nº 2019-1620	03/10/2019
CRECEPSILOCOGÍA C.B.M. ***4729**	Can 05/2019 30.09.2019	42 sesións individuais e 7 sesións grupais	Decreto nº 2019-1620	03/10/2019





		no programa de atención psicolóxico 1.855,00 €		
CRECEPSILOCOGÍA C.B.M. ***4729**	Can 06/2019 30.09.2019	Servizos complementarios materiais 293,60 €	Decreto nº 2019-1620	01/10/2019
Suma total		7.748,60		

Terceiro.- Que se tomou razón na contabilidade do gasto correspondente á execución do proxecto subvencionado.

Cuarto.- Que o Concello con data do 10.07.2019, recibiu un anticipo polo importe de cinco mil catrocentos setenta e nove euros con corenta e tres céntimos (5.479,43 €)".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía transcrita anteriormente.

Expediente 5814/2019. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a S.O.P., con DNI nº ***1686**, e con expediente nº 36008/02/002127, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de libre concorrència e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: trescentos sete euros con vinte céntimos (307,20 €) doce euros con oitenta céntimos (12'80 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: 40% do custo total (cento vinte e dous euros con oitenta e oito céntimos (122,88 €/mes).

Número de horas: 24 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 14 de outubro de 2019.

Expediente 1901/2019. Proposta da alcaldía de aprobación da conta xustificativa de





subvención concedida para uso da lingua galega

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da alcaldía de data 10.10.2019, referente a aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para uso da lingua galega, polo importe de mil oitocentos vinte euros con corenta e un céntimos (1.820,41 €), sen o IVE, que é como segue:

"Que con relación á xustificación da subvención recibida polo Concello de Cangas, ao abeiro da Orde do 15 de marzo de 2019 (DOG nº 62 de 29 de marzo de 2019), da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria (PL400A) no seu artigo 20.5.1º, e de acordo co previsto no artigo 28.5º da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como, nos artigos 8 e 9 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, propoño á Xunta de Goberno Local a aprobación da conta xustificativa da subvención outorgada a este Concello segundo a Resolución de 2 de xullo de 2019, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, polo importe de mil oitocentos dezaoto euros (1.818,00 €), e para os efectos faise constar:

1.- *Que se cumpriu a finalidade da subvención.*

2.- *Que os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo Concello imputables á actuación subvencionada foron os seguintes:*

Acreeador CIF	Número Factura	Importe sen IVE Importe con IVE	Concepto	Data de emisión	Data de recoñecemento da obriga Data de pagamento Mediante transferencia bancaria
M.C.P. ***1085**	3	315,79 300,00	Actuación teatral nas festas de San Blas-Darbo	17/05/2019	Decreto 2019-1053 03/07/19 Pagado 22/07/2019
IRISAR B36400067	19170	259,00 313,39	Ploter, maquetación e instalación rotulación	30/04/2019	Decreto 2019-1072. 05/07/2019 Pagado 19/07/2019
IRISAR B36400067	48	14,00 16,94	Cartel fotomat	31/01/2019	Decreto 2019-0404 Pagado 11/04/2019
IRISAR B36400067	123	107,00 129,47	Tarxetón cantigas cor e b/n	31/03/2019	Decreto 2019-0506. 11/04/2019 Pagado 22/03/2019
IRISAR B36400067	19171	29,00 35,09	Adhesivos xornadas ciencias	30/04/2019	Decreto 2019-0434, 05/07/2019. Pagado o 19/07/2019
A Illa dos Nenos S.L. B36540094	102	525,62 636,00	Maxia&ciencia 25/03 ó 05/04 centros educativos	28/04/2019	Decreto 2019-0662. 10/05/2019. Pagado 15/05/2019
Dinamo Xestión de Actividades S. S.L.	020	570,00 627,00	Dinamización festa infantil de entroido	13/03/2019	Decreto 019-0434. 26/03/2019.





B70084272			en Cangas		Pagado 11/04/2019
Total sen IVE		1.820,41			

3.- *Que os gastos relacionados foron aplicados para o cumprimento do proxecto subvencionado".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 4346/2019. Rectificación de acordo da Xunta de Goberno Local de data 29.07.2019 de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto que no acordo adoptado nesta Xunta de Goberno Local en sesión de data 29 de xullo de 2019, referente a concesión a J.V.A., para renovación de sinalización vertical, detectouse un erro na numeración do sinal de pasaxe permanente deteriorado, que está instalado en rúa Barbate, nº X-Cangas.

A Xunta de Goberno Local acorda proceder á rectificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 29 de xullo de 2019, e polo tanto, autorizar á Sra. V.A., para a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 330, no lugar de rúa Barbate, nº 2-Cangas.

Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no departamento de tesourería, o cal procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de resolucións da alcaldía de comunicacións previas de obras e actividades

A Xunta de Goberno Local queda informada das seguintes resolucións da alcaldía, referentes a comunicacións previas de obras e actividades:

- [DECRETO 2019-1624](#)

- [DECRETO 2019-1642](#)

- [DECRETO 2019-1666](#)

Dación de conta da Sentenza nº 309/2019 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (PO nº 4291/2017)





A Xunta de Goberno Local queda informada da proposta da alcaldía de data 10.10.2019, referente a Sentenza nº 309/2019 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no procedemento ordinario nº 4291/2017, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA DANDO CONTA DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA Nº 309/2019 DE DATA 31.05.2019 RECAÍDA NO PO Nº 4291/2017

Visto o contido da Sentenza nº 309/2019 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo Sección 2, de data 31.05.2019, seguido a instancia deste Concello fronte a resolución do Tribunal Administrativo Central de recursos contractuais, de 10 de marzo de 2017, co fallo que de seguido se reproduce:

'Por todo o exposto, en nome do Rei, pola autoridade que lle confire a Constitución, esta sala decidiu:

1) Desestimar o recurso contencioso-administrativo interposto polo procurador, E.P.C., en nome e representación do Concello de Cangas (Pontevedra); contra a resolución do Tribunal Administrativo Central de recursos contractuais, do 10 de marzo de 2017, pronunciada no procedemento do recurso especial en materia de contratación seguido con expediente nº 122/2017, polo que se estima parcialmente o recurso contra a adxudicación do contrato de 'Servizos técnicos para o funcionamento e mantemento da piscina municipal', do Concello de Cangas de Morrazo, anulando o procedemento de licitación e acorda levantar a medida cautelar adoptada o 17 de febreiro de 2017 e declarar que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso, polo que non procede a imposición de sanción.

2) Impoñer o pagamento das custas procesais á parte demandante dentro do límite establecido na fundamentación xurídica da presente resolución.

Contra esta sentenza cabe interpoñer, ben perante o Tribunal Supremo, ben perante a correspondente sección desta sala, o recurso de casación previsto no artigo 86 da lei xurisdiccional, que deberá de prepararse mediante escrito a presentar nesta sala no prazo de trinta días e cumprindo os requisitos indicados no artigo 89.2 da devandita lei.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 309/2019 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo Sección 2, de data 31.05.2019, seguido a instancia deste Concello fronte a resolución do Tribunal Administrativo Central de recursos contractuais, de 10 de marzo de 2017.

Segundo.- Dar traslado do acordo adoptado ao departamento municipal de apoio xurídico e persoal, co fin de que se adopten as disposicións oportunas para o seu cumprimento".

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES





Concello de Cangas

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castela, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

